

Ordenanza municipal non fiscal reguladora de plantacións forestais e corta de árbores

Advertido erro na publicación do texto definitivo da Ordenanza municipal non fiscal reguladora de plantacións forestais e corta de arborado, no Boletín Oficial da Provincia número 220, do 24 de setembro de 2002, procedese mediante este anuncio a publicar o texto integro correcto de dita ordenanza, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 26 de xullo de 2002, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99.

"ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS E CORTA DE ÁRBORES

O avance das plantacións forestais a áreas de evidente vocación agrícola (veigas e outras terras baixas) e mesmo ás beiras de edificacións habitadas ou habitábeis, fai necesaria unha planificación do solo que teña en conta a necesidade de desenvolvemento social e económico da cidadanía e a preservación do medio ambiente. Por outra parte, a superficie ocupada por plantacións do xénero Eucaliptus continúa a incrementarse nos últimos tempos con evidente incidencia sobre a paisaxe e os valores naturais, aínda estando vixente o Decreto 81/89 da Xunta de Galicia, de medidas de ordenación das novas plantacións forestais con eucaliptos.

A Lei de protección ambiental de Galicia contén, entre os seus principios, o da utilización racional e de defensa dos recursos naturais e da paisaxe (artigo 2, punto c) e os Concellos teñen, entre as súas competencias as de protección do medio ambiente, segundo se recolle no artigo 25 da Lei reguladora das bases de réxime local, podendo realizar actividades complementarias propias doutras Administracións Públicas (artigo 28 da mesma Lei). A mellora ambiental, incluíndo a redución de incendios forestais e a prevención dos seus danos sobre as persoas e as súas vivendas, así como a necesidade de garantir axeitadamente os dereitos dos e das titulares doutras actividades sociais e económicas, nomeadamente as agrícolas e gandeiras, fan necesaria a regulación das repoboacións forestais.

Por tanto, de conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil e no Decreto 2661/1967 do 19 de outubro (BOE 4-11-67), e de acordo cos artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e artigos 46 e 47 do Regulamento das Facendas Locais e a aplicación das facultades conferidas, establécese a presente ordenanza de carácter non fiscal reguladora de diversos aspectos da xestión forestal que afectan ó medio ambiente, á convivencia veciñal e a bens municipais (vías públicas e outros), sendo o seu ámbito territorial o termo municipal.

Artigo 1.-Obxecto.-É obxecto desta ordenanza regular plantacións forestais que se produzan con posterioridade á entrada en vigor da mesma.

Artigo 2.-Plantación forestal.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por plantación forestal a plantación con especies forestais arbóreas que, afectando a unha superficie igual ou superior a 500 m², teña finalidades económico-productivas.

Artigo 3.-Novas plantacións.

3.1. Con carácter xeral as novas plantacións forestais situaranse, segundo as diferentes especies, ás distancias mínimas que se establecen na presente ordenanza, na que por vías

públicas se entenden as de titularidade municipal sendo a distancia a elas medida desde a aresta exterior da súa explanación:

	Ordenanzas 11-12-13-13 a	Vivendas ailladas	Fontes e manantiai s	Cursos fluviais	Cultivos prados- pastizais	Vías públicas asfaltadas	Vías públicas non asfaltadas
Eucaliptos	100	50	50	50	30	3	2
Piñeiros e outras coníferas	50	30	15	15	6	3	2
Chopos e outras especies de risco	50	50	10	6	10	3	2
Outras frondosas	30	20	6	6	6	3	2

3.2. Nos camiños forestais, entendendo por tales as vías de monte que non excedan dos 3 metros de ancho e carezan de gabias ás beiras, a distancia da plantación será como mínimo de 2 metros.

3.3. De conformidade co establecido no artigo 591 do Código civil e no artigo 3.2 do Decreto 81/89 do Consello da Xunta de Galicia, entre plantacións forestais gardarase ao lindeiro unha distancia mínima de 2 m; esta distancia mínima será de 6 m para as plantacións de eucalipto que linden coas doutras especies.

3.4. Para os efectos desta ordenanza non se considera rota a colindancia entre as plantacións forestais e finca de labor, prado, edificios, vivendas, ou cursos de auga, aínda que existan entre eles vías públicas ou espazos abertos, debendo respectarse as distancias sinaladas no artigo 1.2. desta ordenanza.

3.5. Non se autorizan as plantacións forestais nas zonas de ordenanza 11, 12, 13, 13 A e 17 do PXOU. En relación coa ordenanza 17 (de protección de xacementos arqueolóxicos) e de conformidade co establecido no artigo 147.1 do PXOU, non se poderán realizar plantacións forestais nunha zona de respecto de 200 metros medidos desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe.

3.6. Consonte o establecido no artigo 146.2 do PXOU, no ámbito da ordenanza 16 (de protección de cauces, ribeiras e zonas baixas de vales) non se permitirán novas plantacións de eucaliptos en áreas de vexetación natural de ribeira.

3.7. De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 81/89 do Consello da Xunta de Galicia, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero Eucaliptus, queda prohibida calquera plantación que supoña a substitución de especies de frondosas por eucalipto ou especies invasivas de alto risco, agás que o interesado goce da autorización da administración competente.

Artigo 4.

As árbores froiteiras, agás os castiñeiros, cerdeiras e nogueiras, quedan exceptuadas do establecido na presente ordenanza sobre distancias mínimas ás plantacións.

Artigo 5.

As distancias mínimas tampouco serán aplicables ás edificacións que se localicen no medio rural, en zonas nas que existan explotacións de carácter forestal na data na que se solicite a licencia urbanística.

Artigo 6.-Obrigatoriedade de comunicación.

Con carácter xeral e co fin de garantir o efectivo cumprimento desta ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa á plantación de superficies forestais superiores a 500 m². Na dita comunicación identificarase o propietario e a finca de plantación, así como a especie e a densidade.

Artigo 7.-Corta de plantacións.

7.1. Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 20 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 m². A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsábel da mesma, debendo constar nela o seguinte:

- Identificación do propietario e madeirista.
- Especie de madeira obxecto da tala, así como Tm a extraer.
- Nome do monte afectado e identificación en plano de normativa urbanística.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.

Deberase achegar ademais, copia do permiso de corta, expedido pola autoridade competente.

7.2. A persoa encargada da tala será responsable directo dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluso con limpeza e retirada de residuos.

7.3. As vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga; en todo caso, as cunetas quedarán no estado que tiñan antes da tala.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en 48 horas cando coincida en fin de semana.

7.4. A persoa responsábel da tala establecerá unha fianza a favor do Concello, ó obxecto de responder de posibles danos non reparados voluntariamente, na contía fixada polo servizo técnico municipal.

Artigo 8.-Infraccións.

8.1. Para os efectos desta ordenanza, será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu abeiro.

8.2. A Comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición ós responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar ós prexudicados polos danos derivados da súa omisión.

As infraccións e sancións que lles corresponderán serán as seguintes:

- a) Pola omisión da solicitude de plantación ou repoboación: 150 euros.
- b) Por non respecta-las distancias mínimas establecidas no artigo 3: 150 euros.
- c) Por cada unha das árbores plantadas a unha distancia inferior á mínima: 1 euro

A sanción prevista neste apartado será compatible coa establecida no apartado b).

- d) Pola omisión da presentación da comunicación de datos sinalada no artigo 5: 150 euros.

- e) Por cada Tm de madeira talada e transportada sen comunicación previa: 3 euros

Esta sanción será compatible coa establecida no apartado d) anterior.

- f) Polo almacenamento de madeira nas vías públicas municipais: 150 euros.

As sancións previstas no presente artigo serán en todo caso compatibles ou estableceranse sen prexuízo da obriga, de se-lo caso, da reposición da legalidade, obrigándose o infractor a retirar-las árbores que non respecten as distancias mínimas establecidas no artigo 3.

8.3. O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e noutras disposicións regulamentarias que regulen o procedemento administrativo sancionador.

Artigo 9.-Requirimentos.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e resolto o expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa, outorgándolle un prazo máximo de 1 mes. Transcorrido o dito prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, sen necesidade de novas notificacións, procederase á execución subsidiaria, cargándolle as costas desta á persoa responsable.

Artigo 10.-A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no BOP e estará en vigor ata que o Pleno municipal acorde a súa modificación ou derogación."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2002.

O alcalde,

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo.